



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 2 DE FEBREIRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas do día dous de febreiro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Non se presenta ningún acta para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 31/01/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 - 000002
Importe total	56.497,50 €
Número de facturas	45
1ª factura.	
Emisor (Cif)	52459880P
Importe	367,84 €
Última factura	
Emisor (Cif)	R1500069H
Importe	90,00 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	18/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Sanidade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	15 servizos de taxi a Santiago con pacientes da U.A.D. para a asistencia a consultas no C.H.U.S., durante o período febreiro a xuño de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AGUSTÍN MANUEL RIVAS ARGIBAY
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	AGUSTÍN MANUEL RIVAS ARGIBAY		
NIF/CIF:	52452802Z		
Importe (IVE Incluído):	900,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		2	Data	27/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Ampliación de liña de pluviais no lugar de Laxes (Carreira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	
Informe:	Valoración Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (27/01/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		EXCAVACIONES NIMA, S.L.		
NIF/CIF:	B15405335			
Importe (IVE Incluído):	8.307,86 €			
Observacións:				






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	27/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 30 m3 de formigón para pavimentar o camiño da fonte Vixán á Carreiriña		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.			
NIF/CIF:	B15025786			
Importe (IVE Incluído):	2.918,88 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	27/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación do falso teito da Biblioteca Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (17/01/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.		
NIF/CIF:		B15985187		
Importe (IVE Incluído):		572,37 €		
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	27/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 30 m2 de baldosa de 49 botóns negra 30x30, para adaptación de beirarrúas á normativa de accesibilidade		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- MANUEL RIEGO PORRIÑO, S.A. - ALMACENES JUAN PEGO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MANUEL RIEGO PORRIÑO, S.A.			
NIF/CIF:	A36002285			
Importe (IVE Incluído):	2.286,90 €			
Observacións:				

Nº Proposta	6	Data	26/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material impreso co motivo da exposición "Estilos" de Mª Luisa Rojo-Novais Grandío, no C.C. Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- STILLROT CREACIONES, S.L. - FRANCISCO J. BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L. - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	STILLROT CREACIONES, S.L.	
NIF/CIF:	B70370499	
Importe (IVE Incluído):	334,14 €	
Observacións:		

Nº Proposta	7	Data	26/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da exposición “Estilos” de Mª Luisa Rojo-Novais Grandío, no C.C. Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	50,00 €		
Observacións:	- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar a celebración da exposición “Estilos” de Mª Luisa Rojo-Novais Grandío, no C.C. Lustres Rivas		

Nº Proposta		8	Data	25/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de micro de man AKG WSM 400 do Auditorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52932383E			
Importe (IVE Incluído):	203,61 €			
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	25/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		7 horas de servizos técnicos de son e iluminación para a gala a celebrar o 05/02/2017 no Auditorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52932383E			
Importe (IVE Incluído):	59,29 €			
Observacións:				






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	10	Data	30/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración antipánico e bombillo para mantementos da Carpa Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DIGAR DE ARTES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.		
NIF/CIF:	B15515695		
Importe (IVE Incluído):	147,85 €		
Observacións:			

Nº Proposta		11	Data	30/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 10 botes (10 l.) de clorocaucho solos gris e outros materiais de pintura para mantementos da Carpa Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		PINTURAS ISAVAL, S.L.		
NIF/CIF:	B46069654			
Importe (IVE Incluído):	1.332,31 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	30/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de material eléctrico para mantementos da Carpa Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO PAZOS, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ANTONIO PAZOS, S.A.			
NIF/CIF:	A15066913			
Importe (IVE Incluído):	245,35 €			
Observacións:				

Nº Proposta	13	Data	30/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material de fontanería para mantementos da Carpa Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.
Informe:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.
NIF/CIF:	B15768435
Importe (IVE Incluído):	91,18 €
Observacións:	

Nº Proposta	14	Data	31/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Instalación de cámaras de seguridade e complementos pa o Mercado Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SELECGA 2010, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal e Técnico Informático Municipal (02/02/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SELECGA 2010, S.L.		
NIF/CIF:	B70283221		
Importe (IVE Incluído):	1.161,47 €		
Observacións:			

Nº Proposta		15	Data	02/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 50 exemplares do libro “Ochocientos años de comunidad” para atencións protocolarias da Alcaldía		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA			
NIF/CIF:	R1500020			
Importe (IVE Incluído):	1.000,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		16	Data	30/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Prima de seguro de responsabilidade civil de autoridades e persoal ao servizo do concello, con límite xeral por sinistro e ano de 3.000,00 €		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AMERICAN INTERNATIONAL GROUP	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	AMERICAN INTERNATIONAL GROUP			
NIF/CIF:	F100025363			
Importe (IVE Incluído):	8.400,00 €			
Observacións:				





DACIÓN DE CONTA DA RECADACIÓN VOLUNTARIA HABIDA NO 3º TRIMESTRE (2016) DO CENSO FISCAL DE AUGA, LIXO, SANEAMENTO, CANON S. XUNTA E I.V.E.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do listado de Tesourería-Recadación Voluntaria ***"Padrón Auga, Lixo, Saneamento, Canon S. Xunta e I.V.E. (Trimestre 3/2016)"***, de data 26/01/2017, asinado polo Interventor e o Tesoreiro, co seguinte cadro resumo:

PERIODO	CONCEPTO	CARGO	BAIXAS XUST.	RECADADO	REL. DEBEDORES	ENTES PUB./FRACC.
3T/2016	Auga	402.674,60 €	1.464,99 €	383.655,16 €	17.506,10 €	48,35 €
3T/2016	Lixo	395.096,10 €	561,86 €	364.614,28 €	29.748,98 €	170,98 €
3T/2016	Saneamento	113.254,80 €	3,50 €	108.366,27 €	4.868,91 €	16,12 €
3T/2016	I.V.E. Auga	40.270,87 €	146,51 €	38.368,60 €	1.750,92 €	4,84 €
3T/2016	I.V.E. Saneamento	11.324,49 €	0,35 €	10.835,61 €	486,92 €	1,61 €
3T/2016	I.V.E. Lixo	39.480,96 €	29,26 €	36.458,09 €	2.976,51 €	17,10 €
3T/2016	Canon Auga Xunta	364.656,32 €	793,37 €	352.661,82 €	11.195,17 €	5,96 €
	TOTAL	1.366.758,14 €	2.999,84 €	1.294.959,83 €	68.533,51 €	264,96 €
		100,00%	0,22%	94,75%	5,01%	0,02%
				94,96%		


III.- CONTRATACIÓN.


ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A "REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E DO PLAN PARCIAL PARA A DELIMITACIÓN E ORDENACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USO INDUSTRIAL".

Visto o expediente que se tramita para contratar os servizos de ***"Redacción da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Parcial para a delimitación e ordenación dun sector de solo urbanizable de uso industrial"***, cun orzamento total por contrata de 54.450,00 euros (valor estimado do contrato: 45.000,00 euros; IVE 21%: 9.450,00 euros).

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de valoración e con tramitación urxente), o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares e a autorización do gasto foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 25/11/2016.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Licitador	Presentación da oferta no Rexistro de Entrada	
	Data de presentación	Número de Rexistro
ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	14/12/2016	16.182
PORTELA VARELA PUENTE ARQUIT. S.L.P.	14/12/2016	16.183
FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOC., S.L.P.	14/12/2016	16.184

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 15/12/2016, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás tres empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres "B" (de referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 16/12/2016, na que se acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" aos servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran na cláusula 14.A (aspectos de negociación avaliados mediante xuízos de valor) do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.


Con data 16/12/2016 o arquitecto municipal José Alberto Iglesias Fungueiriño emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/12/2016, co detalle de proposta de puntuación que se recolle no mesmo.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 19/12/2016, acordou outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" (de referencias técnicas):

Licitador	Concepto	Puntuación	Total
ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	Calidade do servizo	15	24
	Medios técnicos materiais e humanos	9	
PORTELA VARELA PUENTE ARQUIT. S.L.P.	Calidade do servizo	10	20
	Medios técnicos materiais e humanos	10	
FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOC., S.L.P.	Calidade do servizo	25	47
	Medios técnicos materiais e humanos	22	

A apertura dos sobres "C" (de ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, e o cálculo das puntuacións das ofertas económicas de acordo coa fórmula de valoración contida nos Prego tipo de cláusulas administrativas particulares da Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicados





no BOP nº 103, do 01/06/2012 e dispoñible na súa Web oficial (www.dicoruna.es), realizouse pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 19/12/2016, e que dou o resultado seguinte:

Licitador	Prezo ofertado (IVE 21% excluído)	Puntuación
ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	45.000,00 euros	0,00
PORTELA VARELA PUENTE ARQUITECTOS. S.L.P.	43.000,00 euros	10,95
FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	39.892,00 euros	24,67

Vistos os antecedentes expostos, así como a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, e a proposta formulada pola Mesa de Contratación na xa citada reunión da data 19/12/2016, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 22/12/2016, adoptou os seguintes acordos:


PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación da prestación dos servizos de Redacción da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Parcial para a delimitación e ordenación dun sector de solo urbanizable de uso industrial”, do seguinte xeito:


Orde	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1º	FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.	47,00	24,67	71,67
2º	PORTELA VARELA PUENTE ARQUITECTOS. S.L.P.	20,00	10,95	30,95
3º	ARQYUR ARQUITECTOS S.L.	24,00	0,00	24,00

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “FERNANDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 12 e 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado





entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 16/01/2017, por medio de correo certificado con acuse de recibo.

Dentro do prazo concedido a empresa "Fernández Carballada y asociados, S.L.P." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 26/01/2017 co número 1.173), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 26/01/2017 (nº operación: 2017 33000060), xustificativa de constitución de aval da Caja de Arquitectos (R.E.A. nº 47465/17) como fianza do contrato por importe de 1.994,60 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 27/01/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO. - Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO. - De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 22/12/2016, **adxudicar o contrato de servizos para a "Redacción da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Plan Parcial para a delimitación e ordenación dun sector de solo urbanizable de uso industrial" á empresa "Fernández Carballada y asociados, S.L.P." (NIF número B15671563), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 48.269,32 euros (Base: 39.892,00 euros; IVE 21%: 8.377,32 euros).**

b) **Prazo de execución: Será de un ano a contar dende o día seguinte ao da sinatura do contrato**, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo. Existirá a ~~posibilidade~~ dunha única prórroga por un ano máis, ata un máximo de dous anos (Cláusula 7 do Prego de cláusulas administrativas particulares).





TERCEIRO.- De conformidade co disposto no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como responsable do contrato ao técnico de urbanismo José Martínez de Llano Orosa.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Dionisio Petrovich López**, de data 26/01/2017 (Rexistro de entrada nº 1.165), no que solicita certificación urbanística de parcela situada en Revolta, Polígono 39, Parcela 872.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 01/02/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Referencia Catastral nº 15074A039008720000KZ

Solicítase informe sobre si a finca arriba indicada está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016).

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico de Protección Forestal, polo que se pode afirmar que cumpre co citado artigo da Lei do Solo de Galicia.

2.- Visto o escrito presentado por Encarna Mato Cariño en representación de **Valoraciones Maditerráneo, S.A.**, de data 30/01/2017 (Rexistro de entrada nº 1.344), no que solicita información urbanística de parcela sita en Braña do Mulo (Aguíño) – Parcela 1189, Polígono 22.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 01/02/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:


Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria Primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

2) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado**, séndolle de aplicación a ordenanza 6.3.a do PXOM, na que rexen as condicións urbanísticas que se especifican a continuación nas seguintes follas.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON ALBINO DAPONTE PEREIRA POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA AO ESVARAR NUNHA RAMPLA CANDO SAÍA DA SÚA VIVENDA. Expediente nº: RP 6/2014.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Don Albino Daponte Pereira**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:


FEITOS


Primeiro.- O día 22 de xaneiro de 2012, sobre as 8:45 horas, Don Albino Daponte Pereira saía da súa vivenda, sita na Avenida da Paz, Urbanización dos Lagos, bloque 25-baixo B, na parroquia de Palmeira, do municipio de Riveira, cando esvarou na rampla de acceso á súa vivenda, caendo cara atrás e golpeándose contra o chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, o Sr. Daponte Pereira tivo que ser trasladado ao Hospital da Barbanza, onde, tras a realización das probas médicas oportunas, lle foi diagnosticado unha fractura sacro-cóccix aberta, sen lesión medular, motivo polo que causou baixa laboral no seu lugar de traballo na data 24/01/2012, cursando alta laboral na data 01/06/2012, e alta médica o día 26/03/2013.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 26/03/2014 co número 3.669, don Albino Daponte Pereira, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos e lesións sufridos pola mencionada caída, ao considerar que a mesma foi debida única e exclusivamente á existencia dunha rampla de acceso a unha vivenda, con moita pendente, cunha superficie que esvara e sen varandas de apoio, co perigo que isto representa para os que circulan pola rúa, isto é, debido á negligencia da Administración no coidado e conservación do seu patrimonio, quen debendo adoptar as medidas tendentes a evitar o risco, non o fixo.

Na súa reclamación solicita ser indemnizado na cantidade total de 23.344,71 euros, en aplicación do baremo correspondente aos accidentes de tráfico do ano 2013, mais os xuros que legalmente lle correspondan, cantidade que desglosa do seguinte xeito:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

- 7.571,20 € por 130 días impositivos (coincidente co período de baixa laboral do 23/01/2012 ata 01/06/2012), a razón de 58,24 euros por día.
- 9.339,32 € por 298 días non impositivos (desde o 02/06/2012 ata o 26/03/2013), a razón de 31,34 euros por día.
- 4.311,95 € por 5 puntos de secuela, a razón de 862,39 euros por punto.
- 2.122,25 €, en concepto de 10% do factor de corrección por prexuízos económicos.


Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de escritura de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Riveira, don Óscar Manuel López Doval, na data 06/07/2007, co número 978 de protocolo; tres fotografías da rampla; escrito dirixido a Vioder S.L., Serinfra S.A. e a don Reinaldo Núñez Moldes dando conta da caída sufrida polo reclamante; escrito presentado polo reclamante no Concello de Riveira, rexistrado de entrada na data 27/05/2010, solicitando verificación en acto presencial da situación das ramplas de acceso aos distintos bloques da urbanización dos Lagos, e especialmente da rampla de acceso ao bloque nº 5; escrito presentado polo reclamante no Concello de Riveira, rexistrado de entrada na data 08/09/2010, achegando documento asinado por veciños da edificación en relación ás deficiencias da construción; escrito enviado polo reclamante á Comisión Técnica de Accesibilidade; copia simple de escrito remitido por Vioder S.L. á Comisión Técnica de Accesibilidade; copia simple de escritos dirixidos ao reclamante pola Comisión Técnica de Accesibilidade; parte médico emitido polo servizo de urxencias do Hospital da Barbanza; partes médicos de baixa e alta laboral; informe de radioloxía emitido pola doutora M^a Mercedes Arias González do Hospital da Barbanza; informe médico emitido polo doutor Emilio García Atanes do servizo de traumatoloxía do Hospital da Barbanza; e copia simple de certificado e resolución de expediente de valoración do grao de discapacidade.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe realizado por Serinfra S.A., remitido na data 03/02/2015.
- Ata de práctica da proba testemuñal.
- Informe realizado polo doutor Emilio García Atanes remitido na data 22/04/2015.
- Informe realizado por Serinfra S.A. remitido na data 23/07/2015.
- Informe emitido na data 30/09/2016 polo arquitecto municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, presentándose escrito de alegacións por don Reinaldo Núñez Moldes, en representación de Serinfra S.A. e Vioder S.L., rexistrado de entrada na data 07/11/2016 co número 14.550, e escrito de alegacións polo reclamante, rexistrado de entrada na data 08/11/2016 co número 14.591, no que reitera a súa petición inicial.





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).


Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral





Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-


En referencia agora ó presente caso, está lexitimado o Sr. Albino Daponte Pereira para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na rampla de acceso á súa vivenda, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a determinación das secuelas.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas polo Sr. Daponte Pereira. Así se deduce dos partes médicos que achega o reclamante, de xeito que se constata a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliable economicamente.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto o reclamante conecta as súas lesións á existencia dunha rampla de acceso á súa vivenda, con moita pendente, cunha superficie que esvara e sen varandas de apoio, co perigo que isto representa para os que circulan pola rúa, isto é, debido á neglixencia da Administración no coidado e conservación do seu patrimonio, quen debendo adoptar as medidas tendentes a evitar o risco, non o fixo, así como á inactividade do Concello na inspección das obras que se constrúan de conformidade ás licenzas expedidas polo mesmo, co fin de comprobar que se axustan ás condicións estipuladas naquelas, e en todo caso, sempre antes de conceder a licenza de primeira ocupación e a cédula de habitabilidade dun inmovble residencial.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:


- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 21/04/2005 outorgou licenza de obras a favor da promotora VIODER S.L., para a construción de cinco bloques illados para un total de 25 vivendas de planta baixa, planta alta e unha planta soto común para garaxes, no lugar da Carballa, parroquia de Palmeira. Nos planos que forman parte do expediente administrativo de concesión da licenza, a rampla non se ve definida na súa integridade. Así consta no informe do arquitecto municipal






emitido na data 30/09/2016: “A rampla, ubicada dentro de espazo libre e privado da parcela, tal e como se representa no citado plano de emprazamento, arranca desde a liña de peche interior ata o rellano de entrada de cada un dos cinco bloques. Sobre este plano debuxado a escala 1/300 non se reflicte a porcentaxe da pendente das ramplas. Tampouco se indica tal porcentaxe sobre os planos modificados dos alzados e sección aportados con esa mesma data de visado, posto que tan só se representa a rampla de xeito parcial. Ou sexa, a rampla non se ve definida na súa integridade. Cabe significar aquí que tampouco se fai referencia nos documentos que integran o proxecto; nin se menciona na memoria xustificativa e descritiva do proxecto, nin tampouco no anexo específico e relativo ao cumprimento das condicións de accesibilidade; posto que no cadro resumen aportado en proxecto das condicións impostas polo Decreto 35/2000, o cal se repite na documentación da fase documental do básico e de execución, pasase por alto a xustificación relativa ao itinerario de accesibilidade desde a vía pública ata a entrada do edificio, aínda que si se xustifican outros aspectos relativos coas condicións de accesibilidade (anchos de pasillos, dimensións de vestibulos previos, anchos de portas, nº de prazas de garaxe adaptadas, etc..). Debemos advertir que esta cuestión non contemplada da documentación técnica do proxecto resulta de obrigado cumprimento no caso de edificios de vivendas; posto que o artigo 41 do Decreto 35/2000 impón da obrigatoriedade en caso de desnivel existente entra a vía pública e a entrada do edificio coa instalación dunha rampla practicable. No presente caso (edificio de vivendas) e en aplicación da base 4 do Decreto 35/2000, e por remisión do seu artigo 41, é obrigatorio dispor un itinerario practicable desde a vía pública a través dunha rampla practicable para facilitar o acceso a persoas con mobilidade reducida. Esta rampla facilitaría o acceso desde a vía pública, e en concreto, desde a entrada do portal de entrada da urbanización (cancela) ata o rellano de entrada do edificio, implantado este en cota mais elevada. Ademais a citada Base 4 establece a esixencia dunhas determinadas condicións xeométricas a cumprir (anchos, longas máximos en función da pendente permitida para cada tramo).”


- A rampla foi construída por Serinfra S.A., e está situada en terreos de propiedade privada, pertencendo á Comunidade de Propietarios que é quen se ocupa do seu mantemento. Así o afirma a entidade construtora en informes rexistrados de entrada nas datas 03/02/2015 e 23/07/2015, a testemuña proposta polo reclamante, e o arquitecto municipal en informe emitido na data 30/09/2016: “(...) Ante o exposto é claro que a rampla se atopa dentro dos terreos privados da urbanización e que as obras de mantemento e limpeza da mesma correspóndelle á Comunidade de Propietarios, polo que no se lle pode reclamar ao Concello tal responsabilidade ou obriga ao respecto”.
- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 04/01/2008, outorga licenza de primeira ocupación á edificación referida.
- No ano 2007, don Albino Daponte Pereira adquire a vivenda tipo “B” na planta baixa do bloque 5, da referida edificación, segundo conta na escritura de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Riveira, don Óscar Manuel López Doval, na data 06/07/2007, co número 978 de protocolo, vivenda na que reside desde ese mesmo ano, xunto coa súa parella, dona Sonia Belén Agrelo Vila, segundo declaracións da mesma que





constan na Acta de práctica de proba testemuñal realizada na data 05/02/2015. Á referida vivenda pódese entrar pola rampla en cuestión, pero tamén se pode entrar por outros accesos, xa que conta cunha escaleira e tamén se pode acceder a través da escaleira do garaxe. Así o manifesta a entidade construtora en informe rexistrado na data 23/07/2015, a testemuña que consta no expediente administrativo e o arquitecto municipal no informe emitido: *"(...) Trátase dun edificio de vivendas erixido sobre parcela pechada perimetralmente e, con acceso a través da beirarrúa. A entrada ao recinto de titularidade privada realízase a través dunha cancela insertada no muro de peche da urbanización. Sobre a entrada á parcela atopámonos cun reducido rellano de dirección oblícuo á liña de peche (non paralelo). Esta liña oblícuo de arranque da rampla de acceso ao edificio provoca un importante resalto no arranque da rampla, e dificultando o acceso dunha cadeira de rodas. A actual rampla ten un ancho máis que aceptable, superior ao esixido pola normativa de accesibilidade, e atópase flanqueada por ambas marxes por un seto vexetal, que fai as veces de elemento protector e disuador. Remata esta o seu percorrido no rellano de entrada ao edificio. O rellano ten un fondo de 1,40 cms e dispón de sendos tramos de escaleiras laterais, de 4 chanzos cadanseu, e que serven de acceso sobre a zona máis inmediata do xardín ao edificio; ofrecendo acceso alternativo á citada rampla. Con isto queremos aclarar e significar que a rampla non é o único percorrido de acceso ou de saída do edificio. (...) o acceso ao portal do edificio ten canto menos un percorrido alternativo a través de dous tramos de escaleiras dispostos a ambas marxes do rellano de entrada, si parece prudente tomar este percorrido alternativo de acceso; que por outra banda tampouco supón un maior esforzo físico, como moito un par de metros máis de percorrido e evitáramos riscos innecesarios".*


- Nas datas 27/05/2010 e 08/09/2010, don Albino presenta escritos no Concello nos que comunica que varios veciños caeron nas ramplas, polo que denuncia as deficiencias de accesibilidade ás vivendas e solicita saber si as ramplas de acceso aos bloques da urbanización, e en particular, a rampla de acceso ao bloque nº 5, cumpren a normativa urbanística.
- En informe emitido na data 24/09/2010 polo arquitecto José Luis López Cousillas, da Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Traballo e Benestar, dispónse que: *"Trátase dunha denuncia formulada polo petionario en relación coa falta de accesibilidade dunha vivenda no tramo exterior do edificio, que se corresponde co itinerario que comunica a beirarrúa co portal das vivendas. Na actualidade, ese tramo está resolto mediante unha rampla de acusada pendente (superior á máxima permitida pola normativa), e o seu arranque na parte inferior non deixa un espazo horizontal libre que permita inscribir un círculo de 1,20 m libre do varrido da porta de acceso."* Así mesmo, o arquitecto municipal no seu informe emitido na data 30/09/2016 dispón sobre o estado da rampla que: *"Unha vez feitas as oportunas comprobacións, detectamos que a rampla de acceso ao edificio manifesta unha pendente maior que a indicada pola normativa de accesibilidade, superando a porcentaxe máxima do 10% para o presente caso. Tampouco temos datos no proxecto, como xa se expuxo anteriormente, que nos permitan coñecer ou detectar as súas características. De tódolos xeitos esta obra foi asumida e dirixida pola correspondente Dirección Facultativa. E da súa*






execución serán responsables os mesmos, así como tódolos axentes intervintes, como ben dispón ao respecto a lei 38/99 de ordenación i edificación (LOE). Sobre as solucións construtivas e vicios asociados aos mesmos, queremos destacar que o pavimento empregado para o solado da rampla é de chapa de granito aserrada; e que tendo en conta a elevada pendente da mesma, a xuízo deste técnico, non parece a mais axeitada de cara a responder coa suficiente garantía ante os posibles esvaramentos; máxime tendo en conta a ameaza que supón a proximidade dos setos vexetais que flanquean a rampla. Esta situación anómala, que baixo unhas condicións de humidade habituais na zona e a agravante presenza de sombra arroxada xerada pola desafortunada implantación dos setos citados derivan a aparición de líques e/ou organismos indesexables e perigosos. Estes condicionantes, de cuxa responsabilidade é totalmente alleo o Concello, imponen unha serie de tarefas de limpeza e mantemento constante, a fin de que a rampla manteña unhas condicións de seguridade óptimas, e evitar calquera tipo de incidente indesexable.”

- No informe emitido na data 24/09/2010 polo arquitecto José Luis López Cousillas, da Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Traballo e Benestar indicase que a empresa promotora da vivenda presenta unha proposta para resolver a accesibilidade ó bloque 5, obxecto de denuncia, que consiste en executar unha nova rampla, en 2 tramos e 1,20 m de largura e pendentes de 8% e 10%, sobre o que se informa que: *“Analizada a documentación presentada, considérase que a solución mellora substancialmente a accesibilidade á vivenda. Sen embargo, nin no arranque nin no desembarco da rampla existe un espazo libre horizontal que permita inscribir un círculo de diámetro 1,50 m libre do varrido da folia. Unha posible solución sería demoler a rampla actual e substituíla por 3 ou 4 chanzos, que liberan o espazo suficiente para habilitar os citados espazos no inicio e final da rampla. (...). Ademais, a rampla deberá ser executada en material duro, antiesvarante e sen relevos, e estará dotada con varandas a ambos lados, de acordo coa normativa vixente.”*
- Na data 22/01/2012, don Albino sofre unha caída na rampla. A caída non foi presenciada por ninguén, xa que dona Sonia estaba dentro da casa cando oíu uns gritos e ao acercarse viu ao reclamante no chan. Indica na súa declaración testemuñal que era un día de moito frío e pode que na rampla houbera algo de xeadas.
- Na data 05/02/2015, día no que se toma declaración á testemuña proposta polo reclamante, a situación da rampla segue sendo a mesma, xa que segundo afirma dona Sonia na súa declaración: *“Estábamos esperando a que alguien resolviese.”* Consta no expediente escrito realizado pola promotora das obras, a entidade Vioder S.L., na data 21/07/2010, dirixido á Comunidade de Propietarios da Urbanización dos Lagos, no que se dispón que: *“A solicitud de D. Albino Daponte Pereira, se les informa de la solución aceptada por el Ayuntamiento de Riveira, para la supresión de barreras arquitectónicas en el acceso al Bloque 5, para por esa comunidad de propietarios den su conformidad, si procede.”* Así mesmo, tamén consta a solución que a Comisión Técnica de Accesibilidade da para arranxar o problema de accesibilidade. Aínda así, e segundo consta na Acta da Comunidade de






Propietarios que presenta a entidade Serinfra S.A. co seu escrito rexistrado de entrada na data 03/02/2015 co número 1.194, non se levou a cabo ningunha solución: *"CUARTO PUNTO: Información sobre el burofax recibido por la caída de un propietario en una zona común. (...) Los presentes manifiestan desconocer que este vecino estuviese enfermo, tal y como manifiesta en el burofax, puesto que lo han visto durante todo el año 2012 realizando las tareas habituales de mantenimiento del jardín y vida habitual a lo largo del año. Además, comentan que con respecto a esa rampa, ya se hobló en numerosas ocasiones a instancias del mismo vecino en varias reuniones, que si el edificio tiene fin de obra es porque no será ilegal, puesto que cumple con el proyecto técnico del edificio. No obstante, se le pidió ya en otra ocasión al promotor, tal y como se quedó en una junta anterior, que modificase dicha rampa, a lo cual este se mostraba dispuesto e incluso facilitó una solución, que no fue aceptada por el vecino del bajo B del bloque 5, D. Albino Daponte. Este manifestó que tenía un plano que le habían enviado desde la Xunta para la solución de la rampa, y quedó en una junta anterior de entregarlo a la comunidad para que esta hablase con el promotor a efectos de proponerle dicha modificación, en caso de que fuese posible técnicamente, pero al pedirle dichos planos a D. Albino Daponte tras la reunión, se negó repetidamente a entregarlos tanto a la administración como a los vecinos que se los pidieron, por lo que no se pudo proponer al promotor dicho cambio. De todas formas, y aunque todos los presentes manifiestan no tener conocimiento de que se hubiese caído en la rampa común, puesto que nadie lo vió caer ni ambulancia o revuelo en el edificio, se comenta que el edificio tiene un seguro que cubre tanto la asistencia jurídica como la responsabilidad civil, que de existir responsabilidad alguna de la Comunidad se harían cargo. Al efecto, se autoriza a la administradora a enviar copia del acta de la presente junta al seguro comunitario, a fin de que tengan conocimiento del problema."*

Da análise das probas referidas, extraemos as seguintes conclusións:

Que a rampla de acceso á vivenda propiedade de don Albino constitúe unha zona común da edificación, cuxo propietario é a Comunidade de Propietarios do edificio, non é un elemento que se atope nunha vía pública da que o Concello sexa responsable, polo que a caída non puido ser consecuencia *"de la dejadez de la Administración en el cuidado y conservación de su patrimonio"*, tal e como afirma don Albino na súa reclamación.

Que, se ben é certo que a rampla non cumpre a normativa sobre accesibilidade, da instrución do expediente tamén se deixa patente a conduta negligente do reclamante no seu proceder. Así, debe terse en conta que o sinistro prodúcese no domicilio do reclamante, que ademais levaba tempo presentando queixas sobre a rampla, polo que coñecía perfectamente o seu estado; que tiña outros accesos á súa vivenda e aínda así seguía a utilizar á rampla, incluso os días que podía estar máis esvaradiza, como o día que sucedeu a caída, que, segundo a testemuña que consta no expediente, era un día frío con posibilidade de existencia de xeadas; e que, a pesar das solucións dadas para o arranxo da rampla, tanto polo Concello como pola Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Traballo e Benestar, o reclamante, coa súa actitude posta de manifiesta na Acta da Comunidade de Propietarios, parece entorpecer a vontade da Comunidade de Propietarios de solucionar o problema en cuestión, xa que, ao fin e cabo, ao ser un elemento común





da edificación, é a Comunidade de Propietarios quen ten que proceder ao arranxo da mesma.

Polo exposto, non se aprecia relación de causalidade entre o servizo de mantemento do patrimonio público e a caída do reclamante, porque, como xa se indicou, a rampla non se atopa nunha vía pública, senón que é unha zona común da edificación cuxa propiedade e mantemento corresponde á Comunidade de Propietarios da edificación. De apreciarse relación de causalidade entre o servizo municipal de inspección urbanística e a caída de don Albino, esta resulta crebada, por introducirse un elemento estraño na relación xurídica controvertida, cal é a culpa da propia vítima, circunstancia que, cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/01/2016, e visto o ditame nº CCG 18/17 do Consello Consultivo de Galicia emitido ao respecto en data 25/01/2017, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Albino Daponte Pereira polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.


XII.- VAOS PERMANENTES.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Visto o recurso de reposición presentado pola **Cofradía de Pescadores “San Pedro” de Riveira**, de data 10/01/2017 (Rexistrado de entrada en data 11/01/2017 co nº 349), en relación co acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 15/12/2016, e no que se revolve que se repercuta o pago da sanción en materia de pesca marítima (PSC-CO-0688/2016-ORS) imposta á Lonxa de Riveira á Vendeduría da Cofradía de Pescadores “San Pedro” de Riveira; e no que solicita que en base aos motivos alegados se dite resolución na que se declare o sobresemento e arquivo da resolución formulada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado do citado recurso de reposición ao Departamento de Tesourería para que, en base aos motivos alegados, proceda á súa resolución.





DESIGNACIÓN LETRADO PARA INSTAR EXECUCIÓN PROVISIONAL DE SENTENZA RECAÍDA NO PROCEDIMIENTO ORDINARIO NÚMERO 4274/2007 E 4284/2015.

VISTA a sentenza ditada pola Sala do Contencioso-administrativo, sección 2ª do Tribunal Superior Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario número 4274/2007 e 4284/2015 e cuxo fallo é do seguinte tenor literal:

“Estimar los recursos contencioso-administrativos acumulados interpuestos seguidos ante esta Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia con el número 4274/2015, a instancia de RECOLTE SERVICIOS Y MEDIO AMBIENTE S.A.U, representada por la procuradora Dña. María Soledad Sánchez Silva y con el número 4284/2015 a instancia del Ayuntamiento de Riveira, representado por el procurador D. José Manuel del Río Sánchez, ambos en relación con la resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de 24/07/2015 que estima el recurso interpuesto por URBASER SA contra el acuerdo de adjudicación del contrato de “Gestión del servicio público de limpieza urbana, recogida y transporte de residuos sólidos urbanos (excluida la fracción de vidrio) y gestión del punto limpio, mediante modalidad de concesión” adoptado por el Pleno del Ayuntamiento de Riveira (A Coruña) el 5 de mayo de 2015.

Declarar que la resolución del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de 24 de Julio de 2015 no es conforme a Derecho y anularla...”

ACREDITADO que pola empresa Urbaser, S.A. interpúxose recurso de casación ante o Tribunal Supremo, de acordo co previsto nos artigos 86 e ss da Lei 29/98, de 13 de abril, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa e sendo necesario defender os intereses municipais.

A Xunta de Goberno Local en uso das delegacións conferidas pola Alcaldía a través de resolución de data 1 de xullo de 2015, **acorda** por unanimidad dos seus membros:

Primeiro:-Designar ao letrado D. Manuel Rodríguez Rodríguez para que inste ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a execución provisional da sentenza recaída no Procedemento Ordinario número 4274/2007 e 4284/2015.

Segundo:-Notificar a presente resolución ao interesado así como aos servizos xurídicos municipais para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 01/02/2017, en relación á Resolución da Axencia de Turismo de Galicia do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017. (DOG do 19/01/2017).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención á Axencia de Turismo de Galicia Xunta de Galicia) por importe de 5.200€, para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos, da contratación de 1 persoa como “Técnico da oficina de información Turística”, durante tres meses, e cunha xornada de 40 horas semanais, sendo os custos salariais totais os seguintes (segundo o informe do interventor acctal do Concello de Riveira de data 30/01/2017):

NÚM. TRAB	OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL					CUSTOS TOTAIS		
		SALARIO BRUTO	PRORRATA PAGA EXTRA	TOTAL	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL 32,75 %	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	Tco. Turismo	1335,13 €	192,71€	1.527,84	500,37	2028,21	3 M	40 h/sem	6.084,63€

Segundo.- Financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro da citada convocatoria (segundo o informe de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado, do interventor acctal. do Concello de Riveira de data 30/01/2017).


CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA DE TAXI Nº 5 A FAVOR DE D. VICTOR GABRIEL GONZÁLEZ ARGIBAY

VISTA a solicitude presentada por D. José Manuel Pardo Gil, DNI nº 44.819.780-W, con data 20 de xaneiro de 2017 (rex de entrada nº 866) no senso de que se proceda ó cambio de titularidade de taxi nº 5 a favor de **D. Víctor Gabriel González Arbibay**, DNI nº 52.937.071-H.

CONSIDERANDO o disposto no artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia, modificada pola Lei13/2015, de 24 de decembro, de medias fiscais e administrativas.

ACREDITADO o cumprimento dos requisitos para autorizar a devandita transmisión ós efectos previstos no apartado 3 de devandito artigo 17 da Lei 4/2013 e considerando o disposto no apartado 5 do mesmo.

A Xunta de Goberno Local **acorda** por unanimidade dos seus membros:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Primeiro:-Autorizar a transmisión da titularidade de taxi nº 5 de D. José Manuel Pardo Gil, DNI nº 44.819.780-W, a favor de D. Victor Gabriel González Arbibay, DNI nº 52.937.071-H.

Segundo:-Remitir unha copia da solicitude de transmisión e da documentación existente á Dirección Xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia ós efectos da emisión de informe, no prazo dun mes, sobre a procedencia de transmitir a autorización interurbana de taxi..

Terceiro:-Notificar o presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto:-Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como ó concelleiro delegado de tráfico tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 2 de febreiro de 2017

Dou fe, o secretario xeral

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle